

DATA	20/07/2009
Nº	1306

1024 RBF/mcm

Examinado o expediente tramitado para a contratación da execución da obra denominada "subministración de equipamento, instalación e xestión dun sistema de bicicletas de uso público en Culleredo", a adxudicar mediante procedemento aberto, trámite de urxencia.

#### ANTECEDENTES

1. Con data 2 de xullo de 2009, mediante a resolución nº 1182, da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, procedeuse á adxudicación provisional á empresa INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEÓN, CIF G-09226606, e o día 3 de xullo de 2009 procedeuse á súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.

2. No prazo establecido, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 144 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, unha vez ponderados polo Comité de Expertos os criterios de selección establecidos no PCAP.

2. O artigo 135.4 LCSP establece que a adxudicación provisional, ao terse empregado o trámite de urxencia, deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíse a garantía definitiva.

En base a todo o que

#### RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente a obra "subministración de equipamento, instalación e xestión dun sistema de bicicletas de uso público en Culleredo" á empresa INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEÓN, CIF G-09226606 por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os criterios de adxudicación establecidos, fixando o prezo da subministración do equipamento e instalación do sistema en: 103.228,40 €, IVE incluído,(orzamento base: 88.990,00 €; IVE: 14.238,40€) e o prezo da xestión do sistema en: 34.800€, IVE incluído, (orzamento base:30.000€; IVE: 4.800€) e o prazo de execución da subministración en 40 DIAS HÁBILES a contar a partir do día seguinte ao da sinatura do contrato e prazo de

DATA	20/07/2009
Nº	1306

prestación do servizo será de **UN ANO** a contar dende a sinatura da primeira das actas de recepción dos materiais subministrados e instalados.

SEGUNDO.- Requiritr ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a firma do contrato.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 137.1 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación definitiva no perfil de contratante do órgano de contratación.

CUARTO.-Nomear responsábel técnico dos traballos a D. Edmundo Varela Lema, xefe de servizo do medio e obras públicas, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 20 de xullo de 2009  
A proposta de  
O xefe de sección de xestión  
orxamentaria

Roberto Babío Fernández

Dou fe,  
O secretario xeral

Raúl Martínez Martínez

Conforme coa proposta, elévase a resolución  
Culleredo,  
A concelleira delegada de economía, facenda, réxime  
interior e seguridade

Alicia Ferreiro Varela  
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Intervenido e conforme,  
O interventor xeral en funcións

Roberto Babío Fernández